

**NOVAS APORTACIÓNS AO CATÁLOGO DE HETEROBASIDIOMYCETES E  
APHYLLOPHORALES S.LATO NO PARQUE NATURAL  
«AS FRAGAS DO EUME» (A CORUÑA)**  
por  
**X.BELLÓN et M.L.CASTRO\***

BELLÓN, X. et CASTRO, M.L. 2008. Novas aportacións ao catálogo de *Heterobasidiomycetes* e *Aphylophorales* s.lato no Parque Natural «As Fragas do Eume» (A Coruña). *Mykes* 11: 41-55.

**RESUMO:**

Apórtanse un total de 34 especies de *Heterobasidiomycetes* e *Aphylophorales* s.lato ao catálogo do Parque Natural «As Fragas do Eume». Destacan *Trechispora amianthina* como novidade ibérica e *Phlebia cremeoalutacea* para Galicia.

**Palabras clave:** *Aphylophorales*, *Heterobasidiomycetes*, Galicia, Península Ibérica, Eume, bosque atlántico, ripisilva, caducifolias.

BELLÓN, X. et CASTRO, M.L. 2008. New reports added to *Heterobasidiomycetes* and *Aphylophorales*'s catalogue from the Natural Park of «As Fragas do Eume» (A Coruña). *Mykes* 11: 41-55.

**SUMMARY:**

34 species of *Heterobasidiomycetes* and *Aphylophorales* s.lato are added to the catalogue of the Natural Reserve «As Fragas do Eume». *Trechispora amianthina* stand out as Iberian noveltie. *Phlebia cremeoalutacea* is new record for Galicia.

**Key words:** *Aphylophorales*, *Heterobasidiomycetes*, Galicia, Iberian Peninsula, Eume, atlantic forest, riparian, deciduous trees.

**INTRODUCCIÓN**

O Parque Natural «As Fragas do Eume» (30/07/97, Real Decreto 211/96 de 2 de maio) está localizado no occidente da provincia de A Coruña.

---

\*Facultade de Bioloxía. Universidade de Vigo. Campus As Lagoas-Marcosende. E-36310.Vigo. e-mail: xaninverno@gmail.com; lcastro@uvigo.es

Abrangue un total de 9125 ha, en ambas beiras de 17 km do río Eume. A precipitación media anual alcanza os 1910 mm, sendo o mes máis seco xullo, e a temperatura media anual sitúase entre 21,8 °C (xullo) e a mínima de 9,8 °C (febreiro).

A vexetación está adaptada a condicións climatolóxicas cálidas e húmidas, debido á proximidade co Atlántico e, por conseguinte, a especie arbórea dominante é *Quercus robur*, aínda que está acompañado por outras especies de caducifolias, entre as que se salientan *Castanea sativa*, *Betula alba*, algúns exemplares de *Ulmus glabra* e *Quercus petraea* (FERNÁNDEZ-DÍAZ et NEGREIRA-SOUTO, 2004). Tamén se poden ver zonas repoboadas con *Pinus pinaster* e *Eucalyptus globulus*.



**Figura 1:** Situación xeográfica do Parque natural “As Fragas do Eume”

Outro biotopo importante corresponde ás ripisilvas, caracterizadas por especies como *Alnus glutinosa*, *Fraxinus excelsior*, *Salix atrocinerea*, *Corylus avellana*, *Acer pseudoplatanus* e *Laurus nobilis*, entre outras.

O catálogo de *Heterobasidiomycetes* e *Aphyllphorales s.lato* ata a actualidade estaba constituído por 16 especies que foran publicadas nos traballos de LOSA QUINTANA (1974), CASTRO et FREIRE (1991, 1992). LÓPEZ-PRADA et al. (1993), LÓPEZ-PRADA et CASTRO (1996, 1998), BLANCO-DIOS (1999) e PANDO (2002). Neste artigo preséntase unha aportación de 34 especies máis. Segundo a bibliografía consultada, *Trechispora amianthina* é novidade ibérica. Tamén é de salientar a presenza de *Phlebia cremeoalutacea*, novidade para Galicia e a de *Aleurodiscus aurantius*, *Gloeoporus dichrous*, *Hymenochaete corrugata*, *Phellinus ferreus* e *Phellinus robustus*, novas para a provincia de A Coruña. Algúns taxons

son pouco frecuentes na Península Ibérica como *Cantharellus neglectus*, a forma anamórfica de *Fistulina hepatica* ou *Polyporus alveolaris*.

### CATÁLOGO DE ESPECIES

No catálogo figura o nome actual da especie, a lista de material estudiado para este traballo e, coa bibliografía que hemos podido revisar, engádense unhas notas da distribución ibérica de cada taxon. Compre salientar que nesta análise corolóxica tan só se buscou a presenza dun determinado taxon, non a abundancia nin a frecuencia.

Algúns taxons figuran xa nun catálogo preliminar de especies presentes nas Fragas do Eume (BELLÓN *et al.*, 2004), pero ó seren citadas en formato de listado simple, ampliáse aquí a información.

***Aleurodiscus aurantius* (Pers.) J.Schröt.**, *Krypt.-Fl. Schlesien*, 3(1): 429. 1888

A Capela, Caaveiro, 28-X-2000, ripisilva, M.Castro, P.Lorenzo et R.Martínez, LOU-Fungi 19033.

Este xénero caracterízase polas esporas amiloides e a presenza de elementos estériles no himenio, con terminacións moniliformes. Dentro do xénero, as características que diferencian este taxon son as esporas equinuladas e os cistidios ovóides e moniliformes (ERIKSSON et RYVARDEN, 1973).

En Galicia foi citada para Lugo (LAGO, 2008) e no resto da Península Ibérica encontrouse en Álava, Asturias, Burgos, Granada, Guipúscoa, Huesca e Salamanca (TELLERÍA *et al.*, 1997), Biscaia (SALCEDO, 1989) e Minho (TELLERÍA *et al.*, 1997).

***Byssomerulius corium* (Pers.: Fr.) Parmasto**, *Izv.Akad. Nauk Estonsk. SSR, ser. Biol.*, 16: 383. 1967

A Capela, 21-II-1999, na ripisilva, sobre madeira sen especificar, J.Rodríguez e S.Padín, LOU-Fungi 19060.

Taxon moi común, citado tanto para as catro provincias galegas (SOLIÑO et CASTRO, 2005) como para o resto da Península Ibérica (TELLERÍA *et al.*, 1991).

***Cantharellus friesii* Quél.**, *Champ. Jura Vosges*, 1: 191. 1872-75

A Capela, subida ao mosteiro, 18-X-1998, bosque de caducifolias, V.Bernárdez e col., LOU-Fungi 19073.

Só se atopou na zona septentrional da Península Ibérica: A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra (SOLIÑO et CASTRO, 2005; LAGO, 2008), Álava, Asturias, Barcelona, Burgos, Cantabria, Xirona, León, Navarra, La Rioja e Biscaia (BLANCO et ILLANA, 2004).

***Cantharellus neglectus* (Souché) Eyssartier et Buyck**, *Bull. Trimestriel Soc. Mycol. France*, 116(2): 91. 2000

A Capela, Caaveiro, 28-X-2000, marxe de estrada, baixo *Acacia melanoxylon* e *Eucalyptus globulus*, M.Castro e col., LOU-Fungi 19072.

Inicialmente clasificada como unha variedade de *C. cibarius*, este taxon foi elevado a rango específico polas súas marcadas diferencias respecto a *C. cibarius*, como son un carpóforo máis pequeno e estreito e himenóforo de cor grisácea (EYSSARTIER et BUYCK, 2000).

Na Península Ibérica atopamos unha cita para A Coruña (FREIRE, 1982) e outra para Álava, Xirona e Biscaia (BLANCO et ILLANA, 2004).

***Clavulina cinerea* (Bull.: Fr.) J.Schröt. in Cohn**, *Krypt.-Fl. Schlesien*, 3: 442. 1888

A Capela, 18-X-1998, na ripisilva, M.Castro e col., LOU-Fungi 19075; Monfero, 15-XI-1998, baixo *Quercus robur*, A.Soliño e col., LOU-Fungi 19076.

Este taxon está amplamente citado na Península Ibérica (LAGO, 2008). E, en Galicia, para A Coruña e Lugo (SOLIÑO et CASTRO, 2005).

***Coltricia perennis* (L.: Fr.) Murrill**, *J. Mycol.*, 9: 91. 1903

A Capela, Caaveiro, 4-X-1998, bosque de caducifolias, A.Soliño e S.Entenza, LOU-Fungi 19087; A Capela, Fraga do Eume, 28-X-1991, bosque de caducifolias, sobre humus, C.Vales e col., LOU-Fungi 4043; A Capela, subida ao mosteiro, 18-X-1998, na ripisilva, M.Castro e col., LOU-Fungi 19086; Pontedeume, Fraga do Eume, 28-X-1991, hábitat sen especificar, C.Vales e col., LOU-Fungi 6242.

Este taxon foi frecuentemente citado tanto para as catro provincias galegas (SOLIÑO et CASTRO, 2005) como para o resto da Península Ibérica (LAGO, 2008).

***Craterellus cornucopioides* (L.: Fr.) Pers.**, *Mycol. eur.*, 2: 5. 1825

Monfero, San Fiz, 22-X-1998, bosque de caducifolias, J.B.Blanco-Dios e J.Gómez, LOU-Fungi 19100.

Especie común na Península Ibérica (BLANCO et ILLANA, 2004), incluída Galicia, na que está citada para as catro provincias (SOLIÑO et CASTRO, 2005).

***Cyphellostereum laeve* (Fr.) D.A.Reid**, *Beih. Nova Hedwigia*, 18: 337. 1965

Monfero, 18-X-1998, bosque de caducifolias, sobre mofo, V.Bernárdez e col., LOU-Fungi 19105; ibídem, M.Castro e col., LOU-Fungi 19106.

Debido ao seu pequeno tamaño, posiblemente pasa inadvertida, pero é relativamente frecuente en Galicia, nos taludes de terra, durante os outonos húmidos.

Para Galicia, só coñecemos citas de A Coruña e Pontevedra, e no resto da Península, en Asturias, Barcelona, Guipúscoa e Navarra (LAGO, 2008).

***Dacrymyces capitatus* Schwein.,** *Trans. Am. phil. Soc., Ser. 2, 4(2): 186. 1832*

Pontedeume, Caaveiro, 7-III-1992, sobre rama de *Laurus nobilis*, M. Castro e col., LOU-Fungi 727.

Taxon cercano a *Dacrymyces stillatus* Nees.: Fr., pero diferénciase deste último por ter fructificacións estipitadas, esporas de menor tamaño e paredes máis delgadas (BREITENBACH et KRÄNZLIN, 1986).

As citas para Galicia son moi recentes, en A Coruña, Lugo e Pontevedra (Lago, 2008), e no resto da Península Ibérica son escasas, para Álava, Xirona e Lleida (DUEÑAS, 1997), Asturias (RUBIO et al., 2006) e Navarra (GARCÍA-BONA, 2000).

***Daedalea quercina* L.: Fr.,** *Syst. Mycol., 1: 331. 1821*

Monfero, 18-X-1998, bosque de caducifolias, V. Bernárdez e col., LOU-Fungi 19107, Pontedeume, Caaveiro, 11-IV-1981, bosque de caducifolias, sobre *Quercus* sp., L. Freire e M. Castro, LOU-Fungi 522.

Está amplamente distribuída en todo o territorio ibérico (TELLERÍA, 1980; LAGO, 2008).

***Fistulina hepatica* Schaeff.: Fr.,** *Syst. Mycol., 1: 396. 1821*

A Capela, Caaveiro, 5-X-1998, bosque de caducifolias, A. Soliño e V. Bernárdez, LOU-Fungi 19118; A Capela, subida ao mosteiro, 18-X-1998, na ripasilva, M. Castro e col., LOU-Fungi 19117; Monfero, Fragas do Eume, 15-IX-1997, baixo *Castanea sativa*, J. B. Blanco-Dios e J. Gómez, LOU-Fungi 19119.

A colección LOU-Fungi 19119 corresponde á forma anamórfica deste taxon, a cal caracterízase pola súa forma hemisférica e por presentar abundantes conidios (BELLÓN et CASTRO, 2005). Existen numerosos nomes para este estado *Confistulina hepatica* (Sacc.) Stalpers, *Ceratomyces hepaticus* Sacc., *Ptychogaster hepaticus* (Sacc.) Lloyd.

Especie común. Na Península Ibérica está amplamente citada a forma sexual (TELLERÍA, 1980; SOLIÑO et CASTRO, 2005). A forma anamórfica xa foi publicada para a zona de estudo (BELLÓN et CASTRO, 2005), en Pontevedra (LAGO, 2008) e para Navarra (CALONGE et PASABÁN, 1999).

***Ganoderma lucidum* (Curtis: Fr.) P.Karst.,** *Rev. Mycol. (Toulouse)*, 3: 17. 1881

Pontedeume, arroio do Brea, 9-VI-1979, sobre tocón de *Quercus* sp., L.Freire, LOU-Fungi 5125; Pontedeume, Caaveiro, 14-IV-1981, sobre *Quercus* sp., L.Freire, LOU-Fungi 667.

É un taxon que se atopa amplamente citado en toda a Península Ibérica (LAGO, 2008).

***Gloeoporus dichrous* (Fr.) Bres.,** *Hedwigia* 53: 74. 1913

Pontedeume, arroyo do Brea, 9-V-1979, sobre codia non identificada, L.Freire, LOU-Fungi 5084.

Pódese confundir a simple vista con algunha especie do xénero *Bjerkandera* ou *Skeletocutis*, pero a posibilidade de separar os poros da carne, que é branca e fibrosa, é clave para descartar eses xéneros (BREITENBACH et KRÄNZLIN, 1986). Dentro do xénero, diferénciase pola ausencia de cistidios himeniais e pola presenza de fíbulas (BERNICCHIA, 2005).

En Galicia, tan só coñecémola de Ourense (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ, *com. pers.*) e no resto da Península Ibérica recolleuse en Asturias (RUBIO et al., 2006), Castellón (TORREJÓN, 2005), Huelva (ORTEGA et al., 1994) e Málaga (ORTEGA et al., 1997).

***Hydnellum conrescens* (Pers.) Banker,** *Bull. Torrey Bot. Club*, 12: 157. 1906

Fraga do Eume, 15-VIII-1997, baixo *Quercus robur*, F.J.Fernández, LOU-Fungi 19141.

É un taxon amplamente distribuído en toda a Península Ibérica (ILLANA et BLANCO, 2001; DANIËLS et BLANCO, 2003). En Galicia foi recollido en A Coruña, Lugo e Pontevedra (SOLIÑO et CASTRO, 2005).

***Hydnum rufescens* Fr.,** *Syst. Mycol.*, 1: 401. 1821

A Capela, Caaveiro, mosteiro, 28-X-2000, na ripisilva, M.Castro e col., LOU-Fungi 19147; Monfero, 18-X-1998, baixo *Quercus robur*, V.Bernárdez e col., LOU-Fungi 19145; ídem, LOU-Fungi 19148; íbidem, na ripisilva, baixo *Corylus avellana*, LOU-Fungi 19146.

Amplamente distribuído por toda a Península Ibérica (ILLANA et BLANCO, 2001; DANIËLS et BLANCO, 2003). Citado tamén para as catro provincias galegas (SOLIÑO et CASTRO, 2005).

***Hymenochaete corrugata* (Fr.: Fr.) Lév., Ann. Sci. Nat. Bot., ser 3, 5: 152. 1846**

Pontedeume, afluente do río Eume, 29-IV-1979, sobre *Quercus* sp., L.Freire, LOU- Fungi: 5081; Pontedeume, Fraga do Eume, 11-IV-1981, hábitat sen especificar, L.Freire e M.Castro, LOU-Fungi: 5095.

Taxon ben caracterizado pola súa superficie rota en formas poligonais e setas de punta obtusa, cubertas por cristais que, ó desprenderse, deixan o extremo rugoso (LÉGER, 1998). A simple vista pode ser confundido con algunha especie do xénero *Peniophora*, grupo *cinerea*, pero observada baixo a lupa revela a presenza das setas, propias do xénero *Hymenochaete* (BREITENBACH et KRÄNZLIN, 1986).

En Galicia só coñecemos unha cita para Lugo (LÓPEZ-PRADA et CASTRO, 2002). E no resto da Península Ibérica citouse para Álava, Asturias, Cantabria, Guipúscoa, Huelva, León, Navarra e Biscaia (MELO et al., 1993), Barcelona (TELLERÍA et al., 1993), Cáceres (TELLERÍA et al., 1992), Algarve, Beira Litoral e Minho (MELO et al., 1993).

***Laetiporus sulphureus* (Bull.: Fr.) Murrill, Mycologia, 12: 11. 1920**

Monfero, Fragas do Eume, 15-IX-1997, bosque de caducifolias, sobre *Castanea sativa* (toro), J.B.Blanco-Dios e J.Gómez, LOU-Fungi 19247.

Especie frecuente, citada nas catro provincias galegas (SOLIÑO et CASTRO, 2005) e amplamente no resto da Península Ibérica (LAGO, 2008).

***Phanerochaete tuberculata* (P.Karst.) Parmasto, Consp. Syst. Cortic.: 83. 1968**

Monfero, 18-X-1998, na ripisilva, V.Bernárdez e col., LOU-Fungi 19273.

Na Península Ibérica foi amplamente citado (LAGO, 2008). Para Galicia coñécese de A Coruña, Lugo e Pontevedra (SOLIÑO et CASTRO, 2005).

***Phellinus ferreus* (Pers.) Bourdot et Galzin, Bull. Trimestriel Soc. Mycol. France, 41: 247. 1925**

Monfero, 11-VII-1997, sobre tocón de *Quercus robur*, M.Lago, LOU-Fungi 19274; Monfero, Teixeiro, 14-VII-2002, bosque de caducifolias, X.Bellón e col., LOU-Fungi 19275.

Similar a *P. ferruginosus*, distínguese pola falta de hifas setais na parte marginal do contexto e esporas máis estreitas e cilíndricas que en *P. ferruginosus* (RYVARDEN et GILBERTSON, 1994).

A colección LOU-Fungi 19274 presentaba poucas esporas, o que dificultou a identificación. Finalmente, a forma e a cor das esporas, a presenza de setas himeniais e a ausencia nas demais zonas do carpóforo, lévanos a súa identificación como *P. ferreus*.

En Galicia atopouse en Lugo (LÓPEZ-PRADA *et al.*, 1993) e no resto do territorio ibérico, en Álava e Biscaia (SALCEDO, 2003), Asturias (DUEÑAS *et TELLERÍA*, 1988; RUBIO *et al.*, 2006), Cantabria (HJORSTAM *et al.*, 1981), Navarra (GARCÍA-BONA, 2000), Beira Litoral, Estremadura e Minho (MELO *et al.*, 1983).

***Phellinus robustus* (P.Karst.) Bourdot et Galzin, *Hymenomyc. France*: 616. 1927**

A Capela, 21-XI-1999, sobre *Laurus nobilis*, J.Rodríguez e S.Padín, LOU-Fungi 19276.

Este grupo de taxons caracterízase pola presenza de cistidiolos ventricosos, con ápices alongados e estreitos. Habitualmente encóntrase sobre *Quercus*, aínda que pode medrar noutros xéneros (RYVARDEN *et GILBERTSON*, 1994).

Na Península Ibérica é moi común (TELLERÍA, 1980; MELO *et TELLERÍA*, 1997; TELLERÍA *et al.*, 1997), mentras que para Galicia só se mencionou de Lugo e Pontevedra (SOLIÑO *et CASTRO*, 2005).

***Phellodon confluens* (Pers.) Pouzar, *Ceska Mycol.*, 10: 74. 1956**

Pontedeume, Caaveiro, 18-IV-1985, no chan, L.Freire, LOU-Fungi 5122.

Para a Península Ibérica está citado de A Coruña e Lugo (SOLIÑO *et CASTRO*, 2005), Asturias (MIRANDA *et RUBIO*, 2000; RUBIO *et al.*, 2006), Barcelona, Xirona, Huelva e Mallorca (ILLANA *et BLANCO*, 2001), Navarra (GARCÍA-BONA, 2000) e Estremadura (ILLANA *et BLANCO*, 2001).

***Phlebia cremeoalutacea* (Parmasto) K.H.Larss. *et Hjortstam*, *Mycotaxon*, 5(2): 478. 1977**

Monfero, Teixeiro, 14-VII-2002, bosque de caducifolias, X.Bellón e col., LOU-Fungi 19277.

A media do ancho esporal, maior de 3,5  $\mu\text{m}$ , serve para encadrar esta especie no xénero *Phlebia* (JÜLICH *et STALPERS*, 1980). Dentro deste xénero, os cistidios incrustados dentro dun himenóforo liso, son as características que nos permiten identificar esta colección como *P. cremeoalutacea* (ERIKSSON *et al.*, 1981).

No resto da Península Ibérica só foi citada en Asturias (RUBIO *et al.*, 2006), Huesca (MELO *et al.*, 1993), Jaén (ORTEGA *et TELLERÍA*, 2000) e Biscaia (TELLERÍA

et al., 1993). Non atopamos ningunha referencia bibliográfica para este taxon en Galicia.

***Phlebia tremellosa* (Schrad.: Fr.) Nakasone et Burds., *Mycotaxon*, 21: 245. 1984**

A Capela, 18-X-1998, na ripisilva, baixo *Quercus* sp., M.Castro e col., LOU-Fungi 19278.

Taxon abundantemente citado, tanto en Galicia, nas catro provincias (SOLIÑO et CASTRO, 2005) como no resto da Península Ibérica (LAGO, 2008).

***Polyporus alveolaris* (DC.: Fr.) Bondartsev et Singer, *Ann. Mycol.*, 39: 58. 1941**

A Capela, Caaveiro, 5-X-1998, bosque de caducifolias, A.Soliño e N.Siles, LOU-Fungi 19281; Pontedeume, Caaveiro, 11-IV-1981, bosque de caducifolias, sobre *Quercus* sp., L.Freire, LOU-Fungi 2041.

As características máis salientables deste taxon son o seu estipe excéntrico, xunto cunhas esporas grandes, entre 10 e 15 µm de lonxitude, que contrastan co seu pequeno tamaño (8 cm de diámetro pileico). O resto de especies similares poseen un maior tamaño (RYVARDEN et GILBERTSON, 1994).

Só atopamos una cita para toda la Península Ibérica, en A Coruña, pero non na área de estudo (SOLIÑO et CASTRO, 2005).

***Sarcodon glaucopus* Maas Geest. et Nannf., *Svensk Bot.Tidskr.*, 63: 407. 1969**

Pontedeume, Caaveiro, 18-IV-1985, marxe do río, L.Freire, LOU-Fungi 1752; ibídem, 18-IX-1985, bosque de caducifolias, L.Freire, LOU-Fungi 1752.

En Galicia este taxon citouse en A Coruña e Lugo (SOLIÑO et CASTRO, 2005). No resto da Península Ibérica coñecémolo de Barcelona, Xirona, Huelva, Lleida, Mallorca, Menorca e Tarragona (ILLANA et BLANCO, 2001), e tamén en Segovia e Toledo (DANIÉLS et BLANCO, 2003).

***Skeletocutis nivea* (Jungh.) J.Keller, *Persoonia*, 10: 353. 1979**

A Capela, 18-X-1998, na ripisilva, V.Bernárdez e col., LOU-Fungi 19346; ídem, LOU-Fungi 19347; ibídem, 21-XI-1999, na ripisilva, sobre *Laurus nobilis*, J.Rodríguez e S.Padín, LOU-Fungi 19345.

En Galicia este taxon recolleuse en A Coruña, Lugo e Pontevedra (SOLIÑO et CASTRO, 2005; LAGO, 2008). No resto da Península Ibérica atopamos citas nas provincias de Álava e Guipúscoa (SALCEDO, 2003), Barcelona (MAYORAL et ÁNGEL, 1995), Cáceres (BLANCO, 1991), Jaén (ORTEGA et TELLERÍA, 2000), Ma-

drid (DUEÑAS, 2000), Navarra (GARCÍA-BONA, 1991) e Toledo (DUEÑAS, 1990), Estremadura (MELO et al., 1980) e Minho (MELO et al., 1983).

***Skeletocutis vulgaris* (Fr.) Niemelä et Y.C.Dai, Ann. Bot. Fennici, 34: 135. 1997**

Monfero, Teixeira, 14-VII-2002, bosque de caducifolias, sobre madeira de *Quercus robur*, X.Bellón e col., LOU-Fungi 19348.

Para Galicia coñécese de A Coruña, Lugo e Pontevedra (LAGO, 2008). Debido a súa habitual confusión con *S. Lenis*, é moi difícil establecer a distribución peninsular desta especie (LAGO, 2008).

***Stereum hirsutum* (Willd.: Fr.) Gray, Nat. Arr. Brit. Pl., 1: 653. 1821**

A Capela, 15-XI-1998, bosque de caducifolias, sobre *Corylus avellana*, A.Soliño e col., LOU-Fungi 19354; ibídem, 21-II-1999, na ripisilva, sobre *Laurus nobilis*, J.Rodríguez e S.Padín, LOU-Fungi 19350; ibídem, sobre madeira sen especificar, LOU-Fungi 19351; A Capela, Caaveiro, 5-X-1998, bosque de caducifolias, A.Soliño e N. Siles, LOU-Fungi 19356; A Capela, Caaveiro, 28-X-2000, na ripisilva, sobre *Corylus avellana*, M.Castro e col., LOU-Fungi 19349; ibídem, na ripisilva, M.Castro e col., LOU-Fungi 19352; ídem, LOU-Fungi 19353; Monfero, 15-XI-1998, bosque de caducifolias, A.Soliño e col., LOU-Fungi 19355; Monfero, Cerqueiro, 14-VII-2002, bosque de caducifolias, X.Bellón e col., LOU-Fungi 19357; ibídem, sobre *Quercus robur*, X.Bellón e col., LOU-Fungi 19359; Monfero, Teixeira, 14-VII-2002, sobre madeira sen especificar, X.Bellón e col., LOU-Fungi 19358.

Especie moi frecuente e amplamente presente en toda a Península Ibérica (LAGO, 2008), incluídas todas as provincias galegas (SOLIÑO et CASTRO, 2005).

***Trametes ochracea* (Pers.) Gilb. et Ryvarden, Polypor. North Europe, 2: 752. 1987**

A Capela, Caaveiro, 5-X-1998, bosque de caducifolias, A.Soliño e N.Siles, LOU-Fungi 19365; Monfero, 18-X-1998, bosque de caducifolias, sobre *Castanea sativa*, V.Bernárdez e col., LOU-Fungi 19363; ibídem, 15-XI-1998, bosque de caducifolias, A.Soliño e col., LOU-Fungi 19364.

En Galicia está presente nas catro provincias (SOLIÑO et CASTRO, 2005), e amplamente distribuído no resto do territorio peninsular (LAGO, 2008).

***Trametes versicolor* (L.: Fr.) Pilát, Atlas champ. Eur., 3(20-21): 261. 1939**

A Capela, 18-X-1998, na ripisilva, V.Bernárdez e col., LOU-Fungi 19369; ibídem, 15-XI-1998, bosque de caducifolias, sobre *Corylus avellana*, A.Soliño e col., LOU-Fungi 19368; A Capela, Caaveiro, 5-X-1998, bosque de caducifolias,

A.Soliño e N.Siles, LOU-Fungi 19367; ibídem, 28-X-2000, na ripisilva, M.Castro e col., LOU-Fungi 19370; Monfero, 18-X-1998, na ripisilva, baixo *Corylus avellana*, V.Bernárdez e col., LOU-Fungi 19366; Pontedeume, Caaveiro, 10-XI-1978, sobre *Quercus sp.*, L.Freire, LOU-Fungi 1400.

Este taxon atopouse nas catro provincias galegas (SOLIÑO et CASTRO, 2005) e está amplamente citado no resto da Península Ibérica (DUEÑAS et TELLERÍA, 1988).

***Trechispora amianthina* (Bourdot et Galzin) Liberta**, *Taxon*, 15(8): 318. 1966

Monfero, Teixeiro, 14-VII-2002, bosque de caducifolias, X.Bellón e col., LOU-Fungi 19371.

HJORSTAM et al. (1988) agrupan *T. amianthina* e *T. bysinella* (Bourdot) Liberta baixo o nome de *T. cohaerens* (Schwein.) Jülich et Stalpers, indicando a necesidade dun maior estudio, pero JÜLICH et STALPERS (1980) separan esas especies en función do tamaño esporal, dato que coincide plenamente co da nosa colección, polo que decidiuse seguir o criterio destes últimos autores.

Segundo a bibliografía consultada, non atopamos ningunha cita peninsular para este taxon, aínda que a complicada taxonomía e confusión con especies próximas pode determinar a ausencia de citas.

***Tremella mesenterica* Schaeff.: Fr.**, *Syst. Mycol.*, 2: 214. 1823

A Capela, 18-X-1998, bosque de ribeira, V.Bernárdez e col., LOU-Fungi 19372.

Especie moi común na nosa rexión, presente nas catro provincias galegas (SOLIÑO et CASTRO, 2005). Ademais atópase amplamente citada en toda a Península Ibérica (DUEÑAS, 1997).

***Trichaptum abietinum* (Dicks.: Fr.) Ryvarden**, *Norweg. J. Bot.*, 19: 237. 1972

Monfero, Teixeiro, 14-VII-2002, bosque de caducifolias, X.Bellón e col., LOU-Fungi 19373.

Este taxon foi recollido nas catro provincias galegas (SOLIÑO et CASTRO, 2005) e atópase amplamente distribuído no resto da Península Ibérica (TELLERÍA, 1980; TELLERÍA et al., 1997).

***Tyromyces chioneus* (Fr.) P.Karst.**, *Rev. Mycol. (Toulouse)*, 3: 17. 1881

Pontedeume, río da Laxe, 6-VIII-1988, na ripisilva, sobre *Alnus glutinosa*, M.Castro, LOU-Fungi 1887.

Na Península Ibérica presenta unha distribución septentrional: A Coruña e Lugo (SOLIÑO et CASTRO, 2005), Álava (SALCEDO, 2003), Asturias (DUEÑAS et TELLERÍA, 1988), Barcelona (MAIRE, 1937), Navarra (GARCÍA-BONA, 1987) e Biscaia (TELLERÍA, 1980).

### AGRADECEMENTOS

Este traballo foi parcialmente subvencionado polo proxecto PGIDT99MA30101 da Xunta de Galicia, concedido para estudar a diversidade micolóxica dos parques naturais do litoral atlántico galego.

### BIBLIOGRAFÍA

- BELLÓN, X. et CASTRO, M.L. 2005. Descripción da forma anamórfica de *Fistulina hepatica* Schaeff.: Fr. Mykes 8: 83-86.
- BERNICCHIA, A. 2005 *Fungi Europaei 10. Polyporaceae s.l.* Ed. Candusso. Savona.
- BLANCO, M.N. 1991. Estudio taxonómico, corolóxico y ecológico de los Aphyllophorales s.l. (*Basidiomycotina*) del Parque Natural de Monfragüe (Extremadura, España) III. *Edicions specials de la Societat Catalana de Micología* 4: 1-186.
- BLANCO, M.N. et ILLANA, C. 2004. *Cantharellus, Craterellus et Pseudocraterellus* Números 2224-2238. In: HERNANDEZ, J.C. (ed.). Bases corolóxicas de Flora Micolóxica Ibérica. Adiciones y números 2179-2238. *Cuad.Trab. Flora Micol. Ibérica* 20: 56-91.
- BLANCO-DIOS, J.B. 1999. Fragmenta Chorologica Occidentalia, Fungi 6937-6949. *Anales Jard. Bot. Madrid* 57(1): 143.
- BREITENBACH, J. et KRÄNZLIN, F. 1986. *Champignons de Suisse. Tome II. Heterobasidiomycetes, Aphyllophorales, Gasteromycetes.* Mykologia. Lucerne.
- CALONGE, F.D. et PASABÁN, P.M. 1999. Adiciones al catálogo de hongos de Guipúscoa y Navarra (España). Registro de cinco especies nuevas. *Bol. Soc. Micol. Madrid* 24: 179-186.
- CASTRO, M.L. et FREIRE, L. 1991. *Laurobasidium lauri* (Geyler) Jülich. Especie mediterránea en Galicia (N.O. de la Península Ibérica) *Munibe (Ciencias Naturales)* 43: 99-101.
- CASTRO, M.L. et FREIRE, L. 1992. Fragmenta Chorologica Occidentalia, Fungi 3934. *Anales Jard. Bot. Madrid* 50(1): 85.
- CONCA, A., GARCÍA, F., MARTÍNEZ, F.P. et MAHIQUES, R. 1997. Basidiomicets al parc natural "Carrascar de la font roja". *Butl. Soc. Micol. Valenciana* 3: 159-200.
- DANIÉLS, P.P. et BLANCO, M.N. 2003. Contribución al estudio de los hongos hidnoides y estipitados de la Península Ibérica e Islas Baleares. *Bol. Soc. Micol. Madrid* 27: 203-218.

- DUEÑAS, M. 1990. Contribución al estudio de los *Aphyllphorales* de Ciudad Real y Toledo. *Bol. Soc. Micol. Madrid* 15: 165-176.
- DUEÑAS, M. 1997. Bases corológicas de Flora Micológica Ibérica. Números 1114-1223. *Cuad.Trab. Flora Micol. Ibér.* 11: 11-99.
- DUEÑAS, M. et TELLERÍA, M.T. 1988. Catálogo de los Corticiáceos y Poliporáceos s.l. (*Aphyllphorales*, *Basidiomycotina*) de la micoflora cántabro-astur. *Ruizia* 5: 5-262.
- ERIKSSON, J. et RYVARDEN, L. 1973. *The Corticiaceae of North Europe*. Vol 2. Fungiflora. Oslo.
- ERIKSSON, J., HJORSTAM, K. et RYVARDEN, L. 1981. *The Corticiaceae of North Europe*. Vol 6. Fungiflora. Oslo.
- EYSSARTIER, G. et BUYCK, B. 2000. Le genre *Cantharellus* en Europe, nomenclature et taxinomie. *Bull. Soc. mycol. France* 116(2): 91-137,
- FERNÁNDEZ-DÍAZ, R. et NEGREIRA-SOUTO, M. 2004. *Fragas do Eume. Parque Natural*. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.
- GARCÍA-BONA, L.M. 1987. Catálogo micológico de Navarra. *Cuadernos de Sección. Ciencias naturales* 3: 7-287.
- GARCÍA-BONA, L.M. 1991. Adiciones al Catálogo micológico de Navarra. *Cuadernos de Sección Ciencias naturales* 7: 139-196.
- GARCÍA-BONA, L.M. 2000. *Catálogo Micológico de Navarra*. Gorosti. Pamplona.
- HJORSTAM, K., TELLERÍA, M.T., RYVARDEN, L. et CALONGE, F.D. 1981. Notes on *Aphyllphorales* of Spain. II. *Nova Hedwigia* 34: 525-538.
- HJORSTAM, K., LARSSON, K.H. et RYVARDEN, L. 1988. *The Corticiaceae of North Europe* 8. Fungiflora. Oslo.
- HONRUBIA, M., BOTÍAS, M. et GARCÍA, R. 1991. *Las setas en nuestra región. Catálogo Fúngico*. Ayuntamiento de Murcia. Murcia.
- ILLANA, C. et BLANCO, N. 2001. Números 1572-1614. In: PANDO, F. et HERNÁNDEZ, J.C. (eds.). Bases corológicas de Flora Micológica Ibérica. Adiciones y números 1572-1765. *Cuad.Trab. Flora.Micol. Ibér.* 15: 37-99.
- JÜLICH, W. et STALPERS, J.A. 1980. *The resupinate non-poroid Aphyllphorales of the temperate northern hemisphere*. North-Holland Publishing Company. Amsterdam.
- LAGO, M. 2008. Micoflora (*Basidiomycota*) de los eucaliptales del NO de la Península Ibérica. *Guineana* 14: 1-502.
- LÉGER, J.C. 1998. *Le genre Hymenochaete*. Ed. J.Cramer. Berlin.
- LÓPEZ-PRADA, M.I. et CASTRO, M.L. 1996. Aportación al conocimiento de las especies del Orden *Aphyllphorales* s.l. (*Basidiomycotina*) en Galicia. *Anales Jard. Bot. Madrid* 54: 68-73.
- LÓPEZ-PRADA, M.I. et CASTRO, M.L. 2002. Fragmenta Chorologica Occidentalia, Fungi, 8019-8088. *Anales Jard. Bot. Madrid* 59(2): 304-308

- LÓPEZ-PRADA, M.I., CASTRO, M.L. et FREIRE, L. 1993. El género *Phellinus* Quél. (Aphyllorphorales, Basidiomycotina) en el N.W. de la Península Ibérica. *Actas Congreso Forestal Español-Lourizán* 3: 379-383
- LOSA QUINTANA, J.M. 1974. Macromicetes del bosque de *Quercus robur* L. *Anales Inst. Bot. Cavanilles* 31(1): 185-197.
- MAIRE, R. 1937. Fungi catalaunici. Series altera. Contribution à l'étude de la Flore Mycologique de la Catalogne. *Publ. Inst. Bot. Barcelona* 3(4): 1-128.
- MALENÇON, M. et BERTAULT, R. 1976. Champignons de la Péninsule Iberique. V. Catalogne, Aragon, Andalousie. *Acta Phytotax. Barcinon.* 19: 1-68.
- MAYORAL, A. et ÀNGEL, F. 1995. Primera aportació al coneixement dels macromicets de la zona del Garraf. *Rev. Catalana Micol.* 18: 51-88.
- MELO, I. et TELLERÍA, M.T. 1997. Preliminary list of the Aphyllorphorales (Fungi. Basidiomycetes) of three protected areas in Southern Central Portugal. *Portug. Acta. Biol. (B)*, 17(1-4): 111-153.
- MELO, I., CORREIA, M. et CARDOSO, J. 1980. Acerca das Polyporaceae de Portugal II. *Bol. Soc. Brot. sér.* 2(53): 675-723.
- MELO, I., CORREIA, M. et CARDOSO, J. 1983. Acerca das Polyporaceae de Portugal III. *Revista Biol. (Lisboa)* 12: 109-120.
- MELO, I., SALCEDO, I. et TELLERÍA, M.T. 1993. Aphyllorphorales s.l. in TELLERÍA, M.T. (Ed.). Bases corológicas de Flora Micológica Ibérica. Números 1-132. *Cuad. Trab. Flora. Micol. Iber.* 3: 1-188.
- MIRANDA, M.A. et RUBIO, E. 2000. Exploración micológica en el Parque Natural de Somiedo (Asturias). *Bol. Soc. Micol. Madrid* 25: 21-54.
- ORTEGA A., ESTEVE-RAVENTÓS, F. et MORENO, G. 1994. Contribución al estudio micológico del Parque Natural de la Sierra de Aracena y Picos de Aroche (Huelva, España). *Bol. Soc. Micol. Madrid* 19: 227-280.
- ORTEGA, A., MORENO, G. et ESTEVE-RAVENTÓS, F. 1997. Contribución al estudio micológico del Parque Natural de los Alcornocales (Andalucía, España). *Bol. Soc. Micol. Madrid* 22: 219-272.
- ORTEGA, A. et TELLERÍA, M.T. 2000. Fragmenta Chorologica Occidentalia, Fungi 7160-7280. *Anales Jard. Bot. Madrid* 57(2): 377-385.
- PANDO, F. 2002. Bases de datos en línea de las colecciones de criptógamas del Herbario Ma-Fungi <http://www.rjb.csic.es/herbario/crypto/crydbe.htm>
- RUBIO, E., SUÁREZ, A., MIRANDA, M.A. et LINDE, J. 2006. *Catálogo provisional de los macromicetos (setas) de Asturias*. Ed. Idea. Oviedo.
- RYVARDEN, L. et GILBERTSON, R.L. 1994. *European Polypores, part II. Synopsis fungorum* 9. Fungiflora. Oslo.
- SALCEDO, I. 1989. *Catálogo comentado de los Aphyllorphorales (Basidiomycotina) del territorio histórico de Álava*. Universidad del País Vasco. Tesis Doctoral [Inédita]

- SALCEDO, I. (ed.). 2003. Catálogo crítico y cartografía de los macromicetos (Basidiomicotas) de la Comunidad Autónoma del País Vasco. *Guineana* 9. Servicio Editorial de la Universidad del País Vasco. Zarautz.
- SOLIÑO, A. et CASTRO, M.L. 2005. Coroloxía e fenoloxía dos macromicetos galegos: modelo dun sistema de información. *Mykes* 8: 7-22.
- TELLERÍA, M.T. 1980. Contribución al estudio de los *Aphyllophorales* españoles. *Biblioth. Mycol.* 74: 1-473.
- TELLERÍA, M.T. (ed.). 1992. Bases corológicas de Flora Micológica Ibérica. Números 133-249. *Cuad.Trab. Flora. Micol. Iber.* 4: 1-208.
- TELLERÍA, M.T. (ed.). 1993. Bases corológicas de Flora Micológica Ibérica. Números 250-375. *Cuad.Trab. Flora. Micol. Iber.* 6: 1-180.
- TELLERÍA, M.T., MELO, I. et SALCEDO, I. 1991. Bases corológicas de Flora Micológica Ibérica. Números 1-132. *Cuad.Trab. Flora Micol. Ibér.* 3: 1-188.
- TELLERÍA, M.T., MELO, I. et DUEÑAS, M. 1997. An annotated list of the *Aphyllophorales* of the Balearic Islands. *Mycotaxon* 65: 353-377.
- TORREJÓN, M. 2005. Contribución al estudio de la flora micológica del Desert de les Palmes (Castelló). *Rev. Catalana Micol.* 27: 99-114.